

## **Modificacións da P. D. da materia de PIANO COMPLEMENTARIO**

---

Curso 2019/20

Seguindo o indicado no *R.D. 463/2020*, na *Orde EFP/365/2020* e nas *Instrucións do 27 de abril de 2020*, da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20*, nos *centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, o **CMUS Profesional de Santiago de Compostela** establece as seguintes modificacións na Programación Didáctica da materia de PIANO COMPLEMENTARIO para o curso 2019-20:

- **MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Adáptase o grao de esixencia de cada un deles en función do indicado no apartado seguinte (mínimos esixibles).

- **MODIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES**

Os mínimos esixibles para acadar unha cualificación positiva na avaliación final da materia serán os correspondentes ao 2º trimestre de cada curso.

### 3º CURSO GP

- Interpretación de dúas obras do nivel do curso.
- Enlaces dos acordes tonais (I, IV e V) en Do Maior e La menor.
- Lectura a primeira vista dunha obra sen cambio de posición.

### 4º CURSO GP

- Interpretación de dúas obras do nivel do curso.
- Enlaces dos acordes tonais (I, IV e V) en Do, Sol e Fa Maiores; e La, Mi e Re menor.
- Lectura a primeira vista de dúas obras sen cambio de posición.

### 5º CURSO DE GP

- Interpretación de dúas obras do nivel do curso.

- Enlaces dos acordes tonais (I, IV e V) nas tonalidades de ata catro alteracións, maiores e menores.
- Improvisación melódica e harmónica utilizando en tonalidades ata con dúas alteracións.
- Escalas da tonalidade de Do Maior e La menor.
- Lectura a primeira vista de dúas obras con cambio de posición.

## 6º CURSO GP

- Interpretación de dúas obras do nivel do curso.
- Enlaces dos acordes tonais (I, IV e V) nas tonalidades de ata catro alteracións, maiores e menores.
- Improvisación melódica e harmónica utilizando en tonalidades ata con tres alteracións.
- Escalas das tonalidades de Do e Fa Maior, e La e Re menor.
- Lectura a primeira vista de dúas obras con cambio de posición.

### ▪ MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

Non sufren modificacións máis alá da adaptación e uso de novas ferramentas necesarias para o desenvolvemento dos procedementos de maneira non presencial. Neste sentido as ferramentas para a avaliación do 3o trimestre serán as mesmas que as utilizadas neste período docente con cada alumno ou alumna, en todo caso: correo electrónico, CentrosNet, videochamada e/ou aula virtual. Non se terá en conta a participación e actitude en concertos e audicións planificadas para o 3º trimestre debido á cancelación das mesmas.

### ▪ MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NOS CASOS EN QUE A AVALIACIÓN CONTINUA NON É POSIBLE

Este punto só será aplicable ao alumnado que non puido ser avaliado de xeito continuo no 1º e 2º trimestre do curso e que neste 3º trimestre segue a non ser posible a súa avaliación continua.

A proba indicada na P.D. realizarase preferentemente por videochamada, na convocatoria de dita proba indícarase a ferramenta utilizada. As modificacións dos criterios de avaliación e dos mínimos esixibles indicados anteriormente tamén afectan a esta proba, pero non eximen da súa realización.